

INFORMACIÓN XOÁN PIÑEIRO

ESPECIAL - O CONSELLEIRO DE CULTURA DA XUNTA DE GALICIA VISITOU A EXPOSICIÓN DE XOÁN PIÑEIRO EN A GUARDA

Cuqui Piñeiro destacou a importancia dunha exposición novidosa e diferente, que sen dúbida logrou o seu obxectivo.



Infomiño.com

29/08/2013

Fuente: Infomiño.com

O pasado Mércores día 28 de Agosto de 2013 o Conselleiro de Cultura e Ordeación Universitaria, D. Xesús Vázquez Abad, o Secretario Xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, o Xefe Territorial de Pontevedra, César Pérez Ares e o Xefe de Servizo de Coodinación Cultural de Pontevedra, José Manuel González González; visitaron a Casa dos Alonso con motivo da Exposición de Xoán Piñeiro.

Cuqui Piñeiro (encargada da exposición, bronceista e herdeira do legado do seu pai) contou co apoio de Manuel Álvarez, especialista en arte, e a súa familia, para facer un percorrido pola obra do artista. Mediante a visita polas diferentes salas da exposición e a visualización dun vídeo de 12 minutos de duración, deron a coñecer as múltiples técnicas e modus operandi do autor.

Como non podía ser doutra maneira, estiveron arropados polo Alcalde de A Guarda, D. José Manuel Domínguez Freitas, a Concelleira de Turismo, Dna. Montserrat Magallanes Álvarez, o Concelleiro de Vías e Obras, D. Miguel A. Español Otero, o Concelleiro de Cultura, D. Antonio Lomba Baz, a

Concelleira de Servizos Sociais, Dna. Teresa Vicente Baz, e a Concelleira de Igualdade, Dna. Carmen M^a Castro González. Ademais de Fátima Iglesias, persoal do Concello, e os encargados da posta en marcha da propia mostra.

Cuqui Piñeiro destacou a importancia dunha exposición novidosa e diferente, que sen dúbida logrou o seu obxectivo.

Pola súa parte, o Conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia, Xesús Fernández Abad, salientou o seu discurso expositivo. "A súa obra a coñecen practicamente todos os galegos, pero é moi importante trasladar o taller do artista a un espazo, polo que xoga un papel pedagóxico decisivo".

FOTOGRAFÍAS

Fotos de Jorge Alonso Daldea